


No presente documento atoparás os pasos que tes que seguir para **descargar e visualizar os expedientes xudiciais** nos que estes personado.


A. PETICIÓN DE DESCARGA DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO:

Para solicitar a descarga do expediente xudicial electrónico segues os seguintes pasos:

1. A través do **"Acceso a Profesionais"** da Sede Xudicial Electrónica, accedes á carpeta **"Os meus procedementos"**



2. Premes sobre a icona coa frecha de descarga do procedemento que queiras solicitar a descarga.



3. Premes **"Solicitar descarga"**

Solicitud de descarga de procedimiento

Datos do procedemento

NIG: 15078 42 1 2019 0000040

Procedemento: ORD 10/2019


Juzgado de 1ª Instancia nº 2 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Correo electrónico ao que se solicita cando a descarga estea dispoñible:

email@tmail.com

B. NOTIFICACIÓN DE FIN DA DESCARGA DO EXPEDIENTE XUDICIAL:

Finalizada a descarga do expediente, recibirás un **correo electrónico** informando que tes a túa disposición o procedemento para a súa descarga xunto có numero de días dispoñibles. Transcorrido dito período o ficheiro non poderá ser descargado.



C. DESCARGA DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO:

Recibido o correo electrónico, accedes novamente á Sede Xudicial Electrónica para descargar o expediente xudicial, seguindo estes pasos:

1. Dentro de **"Mis descargas"** accedes a **"Expediente Judicial"**.



2. Recheas os campos para localizar o expediente en cuestión e premes **"Buscar"**.

NIG 1

Dígitos 1 5 6 7 8 9 12 13 19

Orde

Seleccione unha orde

Nº Proc 1


2019

10


3. Localizado o expediente premes na icona





4. Finalmente, descargase o expediente xudicial electrónico.



D. VISUALIZADOR DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO:

Poderás consultar os documentos de forma individual na carpeta  ou visualizar o expediente nunha **interface intuitiva que permite ver os datos do procedemento, dos intervinientes e acceder á documentación.**

Para abrir o visualizador tes que descomprimir o arquivo .ZIP e posteriormente premer no índice que atoparás na carpeta.



E. REQUISITOS PARA PODER UTILIZAR O VISUALIZADOR DE DOCUMENTOS DUN PROCEDEMENTO:

Para poder utilizar esta funcionalidade debes cumprir cos seguintes requisitos no teu navegador:

- Ter habilitado o uso de **javascript**

Se non o tes podes obtelo nesta dirección: <https://support.google.com/adsense/answer/12654?hl=es/>

- **Recoméndase** o uso de **Google Chrome**. Se o teu navegador é Internet Explorer, pedirásche; que habilites a execución de scripts e/o controis Active X.